

ORDENANZA XERAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS

I.- NORMAS XERAIS

1).- Xustificación e Réxime xurídico

Co fin de unificar e adaptar a regulación municipal relativa á actividade de fomento, o Concello de Arteixo aproba a presente Ordenanza Xeral Reguladora da concesión de subvencións municipais, que se axustará e remitirá á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento de Subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e a tódalas demais normas concordantes coas citadas anteriormente.

A presente Ordenanza consta dunha primeira parte, na que se establecen unhas normas xerais con carácter de mínimos para todos aqueles aspectos que non aparezcan regulados na segunda parte, adicada a bases específicas reguladoras de subvencións tramitadas polos departamentos, ou para regular outros supostos de subvencións a conceder que non contén na actualidade con normas concretas.

2).-Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación dos aspectos fundamentais relativos á concesión de axudas e subvencións con cargo aos fondos públicos do Concello de Arteixo.

Quedan excluídas do seu ámbito de aplicación:

- a) os premios ou achegas sen previa solicitude do beneficiario
- b) As subvencións previstas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral
- c) As subvencións reguladas na Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiación dos partidos políticos.

3).-Concepto e clases

-CONCEPTO:

Enténdese por subvención, a efectos desta Ordenanza, toda disposición dineraria realizada polo Concello de Arteixo, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpla os seguinte requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular ou a concurrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se tiveran establecido.
- c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada, teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública.

Non terán carácter de subvención as aportacións a que fai referencia o artigo 2.2.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

-CLASES.

A presente Ordenanza, respetando o establecido na Lei 38/2003, regula a concesión das seguintes modalidades de subvencións:

- a) Subvencións concedidas a través de procedementos en réxime de concurrencia competitiva.
- b) Subvencións directas, tramitadas a través dos correspondentes convenios.
- c) Subvencións directas, xustificadas por razóns sociais, económicas, benéficas, humanitarias ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- d) Subvencións directas, concedidas por imposición dunha norma con rango legal (art 22.2 Lei 38/2003)

4).-Crédito orzamentario

A tramitación do expediente para a concesión de subvencións, ben sexa a través das correspondentes bases en concurrencia competitiva, como a través de convenios ou resolucións para concesión directa, esixirá a comprobación e existencia previa de crédito adecuado e suficiente, no Orzamento Municipal, e a aprobación do gasto.

5).-Beneficiarios: requisitos.

De conformidade co previsto no artigo 13.1 da Lei 38/2003, poderán obter a condición de beneficiario, as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención.

Segundo o artigo 11.1 da mesma norma, terán a condición de beneficiario, a persoa que deba de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Non poderá obter a condición de beneficiarios de subvencións, as persoas ou entidades en que concurra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente, estar declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal.
- c) Ter dado lugar, por ter sido declarado culpable, á resolución firme de calquer contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores de sociedades ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas, nalgún dos supostos de incompatibilidade a que fan referencia a Lei 53/1984, de Incompatibilidade de Persoal ao Servizo das Administracións Públicas ou tratarse de cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio calificado de paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.

h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

Aos efectos do disposto anteriormente, os interesados deberán aportar, no momento da solicitude, una declaración de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición mencionadas.

6).-Bases: procedemento e contido

O apartado II desta Ordenanza Xeral, contén as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades deportivas, culturais, de educación e para festas parroquiais.

Os aspectos non regulados nas mesmas (prazos, crédito orzamentario, modificación puntual de criterios de valoración) se especificarán con cada convocatoria anual, xa que se trata de elementos que poden variar.

No suposto doutras convocatorias non recollidas nesta Ordenanza a concesión de axudas e subvencións por procedemento de concurrencia competitiva, estará precedida da elaboración, fiscalización, aprobación e publicación no Boletín Oficial da Provincia das correspondentes bases.

As bases, concretarán, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Definición do obxecto da subvención, indicando ademais o período exacto que abrangue a convocatoria.
- Requisitos que deberán reunir os beneficiarios, forma e prazo para a presentación de solicitudes.
- Requisitos de solvencia e eficacia dos beneficiarios.
- Procedemento de concesión.
- Criterios obxectivos de concesión, e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- Importe da subvención.
- Organos competentes para a ordeación, instrucción e resolución.
- Determinación, no seu caso, de libros e rexistros para a adecuada xustificación.
- Prazo e forma de xustificación, indicando os documentos que se admitan como xustificantes en cada caso.
- Medidas de garantía que se deban constituír, no seu caso.
- Posibilidade de efectuar pagos anticipados ou a conta.
- Circunstancias que, como consecuencia das alteracións das condicións tidas en conta para a concesión, poidan dar lugar a modificar a resolución.
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións para a mesma finalidade.
- Criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas para a súa concesión.

7).-Obrigas do beneficiario

De conformidade có previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, son obrigas do beneficiario, sen prexuízo das que se especificuen nas Bases reguladoras das subvencións de cada departamento:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

- b) Xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións para a concesión , así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación efectuar polo órgano concedente ou polos órganos de control competentes.
- d) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Acreditar, da resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, este requisito se pode substituír pola declaración de non estar incurso nas causas de prohibición a que fai referencia o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- f) Dispoñer de libros, rexistros e demais documentos contables esixibles, no seu caso, pola lexislación mercantil.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.
- h) Adoptar as medidas de difusión do artigo 18 da Lei 38/2003.
- i) Proceder ao reintegro nos supostos de incumprimento do artigo 37 ou no caso de remanentes non aplicados.

8).-Procedementos de concesión

Tal e como establece o artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, os procedementos de concesión de subvencións poderán ser:

-O procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva, a través das correspondentes bases(contidas nesta ordenanza) e no que se compararán as distintas solicitudes presentadas có fin de establecer unha prelación entre as mesmas á hora de outorgar a subvención.

-Poderán concederse de forma directa:as subvencións previstas nominativamente no Orzamento, aquelas que veñan impostas por unha norma de rango legal, e, excepcionalmente, aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a convocatoria pública.

9).-Tramitación e documentación de expedientes.

Serán, para cada tipo de subvención, os que de seguido se indican:

a) Procedemento en réxime de concurrencia competitiva

O expediente se iniciará mediante proposta da Concellalía de área na que se solicite aos servizos económicos informe sobre a existencia de crédito e se someta á aprobación da Xunta de Goberno Local a aprobación da convocatoria correspondente.

No caso de novas bases non contidas nesta Ordenanza,éstas serán obxecto de fiscalización pola Intervención Municipal previa aprobación por órgano competente.

Unha vez aprobada a convocatoria se procederá á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes, se presentarán as instancias acompañadas da documentación esixida. Finalizado o prazo, se procederá á súa valoración pola correspondente Comisión Avaliadora, segundo os criterios que establezcan as bases, que formulará unha proposta de concesión; dita proposta será fiscalizada previa elevación á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

A denegación de axudas deberá estar motivada, e calquer modificación dos termos das bases iniciais, deberá ser aprobada polo órgano que as aprobou inicialmente e publicada.

A relación de subvencións concedidas será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos do Concello así como notificación individual; no suposto de subvencións individuais concedidas que acaden os 3.000€, tamén no BOP. O edicto indicará o prazo para a presentación da documentación xustificativa.

Unha vez presentadas as contas xustificativas polos beneficiarios, mediante os modelos normalizados facilitados polo Concello (ver Anexos), se procederá ao seu exámen pola Comisión Avaliadora, que formulará a correspondente proposta de aprobación de contas xustificativas.

No suposto de contas xustificativas incompletas, se concederá un prazo de subsanación de 10 días hábiles, improrrogable. Se rematado o prazo total, non se ten presentado documentación xustificativa algunha, se dará por perdida a subvención.

A proposta definitiva da Comisión deberá ser fiscalizada e aprobada pola Xunta de Goberno Local; posteriormente se procederá á ordeación do pago.

b) Subvencións de carácter directo : nominativas mediante convenio

-Unha vez recollida como subvención nominativa, o expediente se iniciará mediante proposta do Concelleiro de área, incoando o inicio das actuacións preparatorias para a sinatura do Convenio correspondente.

-O departamento municipal, solicitará a documentación á Asociación ou Entidade . En concreto, deberá aportar:

-Declaración do tipo de entidade (Asociación, Fundación...) de que se trate e copia dos seus Estatutos, no seu caso.

-Fotocopia compulsada do CIF.

-Nome, apelidos e CIF do representante.

-Memoria exhaustiva das actividades que lle son propias e que veña desenvolvendo, así como das programadas a través do Convenio a asinar.

-Memoria xustificativa do carácter idóneo para a realización do obxecto do convenio, de xeito que se xustifique a exclusión da concurrencia competitiva.

-Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para percibir axudas públicas segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

-Outra documentación acreditativa, (no seu caso, declaración de utilidade pública ou interese social, títulos de propiedade de bens a dispoñer, etc...)

-Se algunha desta documentación xa obrase no Concello se poderá substituír polo informe respectivo do departamento.

-Emitido informe técnico sobre o interese social ou utilidade pública do seu obxecto, e comprobado que dito obxecto non é susceptible de contrato administrativo, se elaborará a proposta de convenio que se someterá a fiscalización da Intervención, previa elevación á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

- O contido mínimo dos convenios é o que se especifica no ANEXO III, e se facilitará copia ao departamento de Intervención unha vez asinado.

c) Subvencións de carácter directo por razóns de interese público, social, económico ou humanitario

-Poderán concederse, con carácter excepcional, e o expediente se iniciará mediante a proposta do Concelleiro de área, solicitando informe aos servizos económicos sobre a existencia de crédito e incoando as actuacións preparatorias que levarán á sinatura do convenio correspondente, nos mesmos termos que no apartado anterior, pero engadindo, nas actuacións preparatorias, unha memoria do departamento municipal xestor por razón da materia, xustificativa do carácter singular da subvención, das razóns que acreditan o interese público, social, económico, humanitario ou outras xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.

d) Modelos

Os modelos de solicitude, xustificación e de convenio básico son os que se recollen como Anexos I,II e III a esta Ordenanza, que se aproban con carácter normalizado.

10).-Organos competentes

A) concurrencia competitiva:

-Aprobación de bases, polo Pleno da Corporación.

-Aprobación da convocatoria, concesion das subvencións e aprobación de contas xustificativa por Xunta de Goberno Local.

B) Subvencións de carácter directo

-O crédito orzamentario se aproba xunto có Orzamento Municipal polo Pleno.

-A aprobación dos convenios será competencia da Xunta de Goberno Local, salvo que non estén contempladas nas Bases de Execución, en que será competencia Plenaria previa habilitación do crédito.

-A conta xustificativa se aprobará por Xunta de Goberno Local.

11).- Gastos subvencionables

Se consideran gastos subvencionables, aqueles que indudablemente respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período que abrangue a convocatoria (e que se especificará nas bases).

Salvo que as bases establezcan o contrario expresamente, se considerará gasto realizado o que esté efectivamente pagado con anterioridade á data na que se presente no Concello a conta xustificativa.

Cando o gasto sufragable sexa gasto corrente e supere os 18.000€, ou cando sendo gasto de capital supere os 50.000€, o beneficiario deberá solicitar tres orzamentos ou ofertas.

12).-Xustificación.

As contas xustificativas deberán presentarse dentro do prazo expresado nas bases ou no convenio que regulen concretamente a subvención.

As contas xustificativas terán o seguinte contido:

a) conta xustificativa simplificada, cando o importe individual da subvención sexa inferior a 60.000€, o beneficiario deberá presentar:

1-unha memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2- Unha memoria económica dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio.

3-Detalle doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia.

4- En caso de sobrantes ou remanentes non empregados,(cando a subvención concedida é superior ao gasto efectuado), carta de pago do reintegro do seu importe cós xuros correspondentes.

5- orixinal ou copia compulsadas das facturas, nóminas, e demais documentos de valor probatorio.

b) conta xustificativa, cando o importe individual da subvención supere os 60.000€, o beneficiario deberá presentar:

1-unha memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2-Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterá:

-Relación clasificada de gastos e investimentos, indicando o acreedor, nº de documento, importe, data de expedición e pago.

-Orixinal ou copia compulsada de facturas, nóminas e documentos de valor probatorio.

-Certificado de tasador independente en caso de adquisición de bens inmobles.

-Indicación dos criterios de reparto dos custos directos e indirectos.

-Relación detallada doutros ingresos, indicando o importe e a procedencia.

-Tres presupostos ou ofertas solicitadas para gasto correntes superiores a 18.000€ ou gastos de capital superiores a 50.000€.

-En caso de sobrantes ou remanentes non empregados, carta de pago do reintegro do seu importe cós xuros correspondentes.

As bases indicarán, en cada caso, os documentos admitidos como xustificantes: facturas, nominas e outros documentos de valor probatorio. Estes documentos deberán aplicar, no seu caso, as retencións (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respetar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.

13).-Fiscalización, aprobación e pago.

As contas xustificativas serán recabadas polo departamento que, no seu caso, tramite as subvencións, e, se seguerá o procedemento establecido no artigo 9.a) para tódalas subvencións concedidas mediante concurrencia competitiva; no suposto de subvencións de carácter directo, se elaborará un informe sobre a xustificación por parte do técnico do departamento, dito informe coa documentación xustificativa se remitirá á Intervención Municipal a efectos da súa fiscalización previa ao acordo da Xunta de Goberno que aprobe as contas. Unha vez aprobada, se procederá á ordeación do pago.

14).-Reintegro

Procederá o reintegro dos anticipos ou cantidades percibidas en concepto de subvención nos seguintes casos:

a) cando o importe da subvención outorgada supere ao gasto efectivamente realizado.

b) Cando se incumplan as condicións que deron lugar á obtención da subvención.

c) Cando se incumpla a obriga de xustificación.

No caso do apartado a), a entidade beneficiaria presentará coa conta xustificativa, a carta de pago polo reintegro.

Nos casos b) e c), o procedemento se iniciará mediante acordo inicial da Xunta de Goberno, no que se indique a causa, as obrigas incumplidas e o importe da subvención concedida.

O acordo se notificará ao beneficiario, que, terá un prazo de quince días para presentar alegacións.

No caso de que formule alegacións, se emitirá informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte da Xunta de Goberno, en caso contrario, transcurridos os 15 días, se entenderá firme o acordo inicial de reintegro, e se lle notificará ao afectado para que rea-lice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, Regulamento Xeral de Recadación.

15).-Infraccións, sancións, procedemento sancionador

a) Infraccións:

Constituyen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, artigos 56 a 58, e serán sancionables incluso a título de simple negli-xencia.

Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incurran en los supues-tos tipificados como infracciones en esta ley.

As accións ou omisións tipificadas nesta lei non darán lugar a responsabilidade nos seguintes supostos:

a) cando se realicen por quenes carezcan de capacidade de obrar.

b) Cando concurra fuerza mayor.

c) Cando deriven de una decisión colectiva, para quenes tiveran salvado o seu voto ou non tiveran asistido á reunión na que se tomou aquela.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancions por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma.

As infraccións prescribirán ao cabo de catro anos dende o día en que se tivera cometido.

O procedemento sancionador é o regulado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, que aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora,

II.-SUBVENCÍONS CONCEDIDAS MEDIANTE CONCURRENCIA COMPETITIVA

1-Bases para a concesión de subvencións para actividades deportivas

16) Finalidade e obxecto

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, subvencionando actividades realizadas no Concello de Arteixo, destiñada a apoiar:

· Ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte pata todos, organización de eventos deportivos, así coma na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de deportes.

· Aos deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As axudas obxecto desta convocatoria irán dirixidas a consolidar a progresión do rendemento dos deportistas.

17) Beneficiarios

-Entidades deportivas legalmente constituídas e deportistas arteixáns individuais.

-Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades, talleres ou equipamentos subvencionados ou financiados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias, convenios ou planos do Concello de Arteixo

-Quedan excluídos todos os deportistas practicantes de modalidades colectivas, entendendo que as súas necesidades xa se atopan atendidas a través de os programas de axuda a entidades deportivas das distintas institucións, incluído o propio Concello de Arteixo.

18) Crédito orzamentario

-Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

19) Requisitos para solicitar a subvención

19.1.-Entidades deportivas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude
- Carecer de fins de lucro
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello de Arteixo
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

19.2.-Os deportistas arteixáns individuais:

- Que destaquen por resultados en competicións oficiais de ámbito nacional ou internacional e que estean en posesión da licenza de federado expedida ou tramitada pola correspondente federación deportiva e teñan os 18 anos cumpridos con carácter xeral e, en ximnasia, natación e tenis, 15 anos ou máis cumpridos no ano da convocatoria.
- Competir, no ano da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións (poderase estudar a posibilidade de acceder a estas bolsas participando en competicións autonómicas que se consideren de interese).
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de bene-ficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

4.3.-O importe máximo que se pode solicitar é o do 80 % do presuposto estimativo de gastos, primándose para a conce-sión o maior esforzo económico do solicitante, cuantificado polo coeficiente de financiamento (cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto estimativo de gastos)

20) Documentación a achegar

20.1.-Deportistas individuais:

- Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.

- Resumo do historial deportivo dilixenciado co visto e prace da federación deportiva correspondente.
- Certificado federativo sobre a participación e clasificación nas competicións durante o ano anterior ao da solicitude.
- Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano da solicitude, no que se incluírá necesariamente:
 - Data, lugar, número e duración das competicións.
 - Nivel da competición (nacional, internacional).
 - Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
- Copia da licenza federativa para a tempada correspondente.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de prohibición para obter axudas pública de conformidade có artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Xustificante do Padrón Municipal con data de alta.
- Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante.

20.2.-Entidades deportivas:

- As solicitudes formalizaranse no modelo oficial especificamente elaborado.
- Memoria explicativa da subvención solicitada que se axustará ao modelo normalizado que se achega no anexo citado.
- Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano correspondente, segundo modelo normalizado que se achega.
- Declaración responsable de acharse desenvolvendo a actividade deportiva correspondente dentro do termo municipal de Arteixo, que se axustará ao modelo normalizado que se reflicte .
- Fotocopia dos estatutos da entidade, así como fotocopia da acta de constitución da actual xunta directiva.
- Certificado expedido pola correspondente federación que se axustará ao modelo que se insire (nº fichas)
- Código de Identificación Fiscal da Entidade (C.I.F.).
- Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co Concello (modelo oficial)
- Certificación do número de socios activos
- Memoria das actividades desenvolvidas no ano anterior á convocatoria.
- Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a concellería de deportes en toda información que realice do desenvolvemento das actividades ou investimentos.
- Compromiso da entidade de promocionar entre os seus socios e inserir publicidade nas sedes ou locais socias todas as actividades e eventos promovidos pola concellería de deportes
- Certificación dos datos bancarios da entidade, pola entidade bancaria correspondente, e segundo o modelo oficial.
- Fotocopia do CIF da entidade
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de prohibición para obter axudas pública de conformidade có artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

A documentación a presentar polos solicitantes, agás que se dispoña outra cousa, terá que ser presentada en orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar referida sempre como límite máximo á data de expiración do prazo de presentación de ins-tancias.

En relación coa documentación xeral que xa obre en poder desta Administración actuante, o solicitante poderá omitir a súa presentación acolléndose ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), sempre que non transcorran máis de cinco anos desde o remate do procedemento ao que corresponda e non tendo sufrido modificación ningunha desde a súa achega, fágase constar a data e convocatoria en que foi presentada.

Calquera eiva, erro ou ausencia na documentación requirida terá que ser emendada nun prazo máximo de dez días.

A comprobación da existencia de datos non axustados á rea-lidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

21) Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo que se establezca na correspondente convocatoria anual.

22) Comisión avaliadora

A valoración das solicitudes e documentación achegada se efectuará por unha Comisión Avaliadora, formada por:

- O técnico de Deportes.
- A Concelleira de Deportes
- O Concelleiro de Facenda

23) Gastos subvencionables e criterios de avaliación

23.1.-gastos sufragables

Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

- *Fichas dos deportistas, co correspondente certificado fe-derativo.
- *Mutualidade e seguros de responsabilidade civil, cos pertinentes certificados e facturas.
- *Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- *Transporte interno, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións.
- *Retribucións a persoal técnico, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
- *Custos por afiliación de xogadores para participar en competicións oficiais.
- *Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.

*Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.

*Material deportivo funxible (non inventariable).

*Gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 10% presuposto a xustificar)

*Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva.

23.2.-Criterios

a)Criterios xerais

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia. A dotación total anual se dividirá en dous, o 75%, como mínimo, para repartir entre as entidades deportivas e o 25% , como máximo, restante para os deportistas individuais.

O importe máximo susceptible de ser subvencionado polo Concello en cada actividade pode acadar ata o 80% do custo total da mesma.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

b)Criterios específicos

b.1)Entidades deportivas

A ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración é a seguinte:

CRITERIO	% RELATIVA
1. Número de fichas de cada modalidade deportiva na tempada 2007/2008	45
2. Número de categorías por idades do club ou asociación deportiva na tempada 2007/2008	10
3. Mérito deportivo do club en base á categoría – división en que milita na tempada 2007/2008	15
4. Interese deportivo municipal. Grao de interese xeral ou sectorial da actividade e coordinación e complementariedade cos programas municipais	15
5. Desprazamentos	10
6. Orzamento da actividade (coeficiente de financiamento)	5

b.2)Deportistas individuais

No caso de deportistas individuais, percibirán como máximo, 2.500,00 € por deportista. Os criterios para valorar estas solicitudes consistirán en:

CRITERIO	% RELATIVA
1. Proxecto deportivo para a presente tempada, a proxección de futuro do deportista e a súa progresión	25
2. Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude en competición oficial	25
3. Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto / competición	15
4. Outros méritos (poderase valorar a especial dificultade ou dureza na consecución dalgunha das probas deportivas)	15
5. Nº de desprazamentos e distancias dos mesmos para participar en competicións deportivas	10
6. Repercusión social do deporte practicado.	10

* Valoración da categoría- división dos equipos non absolutos (equipos base):

Cada club percibirá 1 punto por cada un dos equipos non absolutos que acredite ter federado. Polo tanto a todos os equipos de base (non absolutos) consideraráselles por igual na mesma categoría- división.

* Criterio de valoración interese deportivo municipal

A ponderación atribuída a este criterio (15%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtivesen os clubs segundo a seguinte valoración, segundo o seguinte baremo:

A) COORDINACIÓN E COMPLEMENTARIEDADE COS PROGRAMAS DESENVOLVIDOS POLO CONCELLO DE ARTEIXO (ATÉ 2,5 PUNTOS)

- .-Recorren ao Concello con ánimo de participar en algún evento organizado por este.
- .-Colaboran co Concello no deseño e confección de actividades.
- .-Colaboran na difusión das actividades ofrecidas polo Concello.
- .-Organizan algunha das actividades incluídas na programación do Concello (escolas, deportes na natureza...)
- .-Acoden ao Concello a pedir información ou asesoramento sobre a actividade que desenvolven.

B) COLABORACIÓN CO CONCELLO NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE UTILIDADE PÚBLICA E INTERESE SOCIAL (ATÉ 2,5 PUNTOS)

- .-Colaboran en eventos como o Día do Deporte, Festas Santiago Apóstolo, exhibicións...
- .-Prestan material ou coñecementos para actividades concretas.
- .-Organizan escolas , campus, ou actividades e competicións abertas a toda a poboación

C) CARÁCTER PERIÓDICO OU PERMANENTE E ÁMBITO DE PROYECCIÓN (2,5 PUNTOS)

- .-Ofrecen actividades e funcionan todo o ano.
- .-A maior parte da xente á que se dirixe e participa na súa oferta é a xente de Arteixo.
- .-Representan ao concello fóra da nosa xeografía

D) CONSIDERACIÓNS ORGANIZATIVAS (2,5 PUNTOS)

- .-A asociación leva máis de 10 anos traballando e acollendo a xente do Concello.
- .-Ten un elevado número de socios para a actividade que leva a cabo.
- .-As súas actividades espertan grande interese na poboación.
- .-Benefíciase un gran número de persoas das súas actividades.
- .-Os responsables teñen gran nivel de cualificación (especialistas, técnicos, licenciados...)

Valorarase aos equipos de 1 a 10 puntos, en función do interese deportivo que teñan as súas actividades para o concello.

* Criterio de valoración desprazamentos

A ponderación atribuída a este criterio (10%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os clubs segundo a seguinte valoración:

Equipos que xustifican máis de 1500 km de desprazamento para competición oficial, 1,6 puntos

Equipos que xustifican entre 1200 km e 1499 km de des-prazamento para competición oficial, 1,4 puntos

Equipos que xustifican entre 1000 km e 1199 km de des-prazamento para competición oficial, 1,2 puntos

Equipos que xustifican entre 750 km e 999 km de desprazamento para competición oficial, 1 puntos

Equipos que xustifican entre 500 km e 749 km de desprazamento para competición oficial, 0,8 puntos

Equipos que xustifican entre 300 km e 499 km de desprazamento para competición oficial, 0,6 puntos

(*) é imprescindible presentar calendario oficial de competicións

* Criterio de valoración coeficiente de financiamento

O 5% do crédito total previsto no punto 2 das presentes bases, distribuirase de maneira directamente proporcional aos puntos acadados polo club, atendendo ao seguinte baremo.

Coef de financiamento entre 0 e 20 % 1,8 PUNTOS

Coef de financiamento entre 20 e 30 % 1,6 PUNTOS

Coef de financiamento entre 30 e 40 % 1,4 PUNTOS

Coef de financiamento entre 40 e 50 % 1,2 PUNTOS

Coef de financiamento entre 50 e 60 % 1 PUNTO

Coef de financiamento entre 60 e 70 % 0,8 PUNTOS

Coef de financiamento entre 70 e 80 % 0,6 PUNTOS

24.2.- Valoración deportistas individuais

*Criterio de valoración proxecto deportivo

A ponderación atribuída a este criterio (25%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os deportistas segundo a seguinte valoración, segundo o seguinte baremo:

Valorarase 1 a 10 puntos a idoneidade do proxecto deportivo do deportista, así coma a súa progresión.

*Criterio de valoración resultados

A ponderación atribuída a este criterio (25%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os deportistas segundo a seguinte valoración, segundo o seguinte baremo

Valorarase o mellor resultado en competición oficial, debendo estar debidamente certificado pola federación correspondente:

1º clasificado en campionato de Galicia 0,9 PUNTOS

2º clasificado en campionato de Galicia 0,7 PUNTOS

3º clasificado en campionato de Galicia 0,5 PUNTOS

Participación en cto de Galicia 0,2 PUNTOS

1º clasificado en campionato de España 1,9 PUNTOS

2º clasificado en campionato de España 1,6 PUNTOS

3º clasificado en campionato de España 1,3 PUNTOS

Participación en campionato de España 1 PUNTO

1º clasificado en campionato de Europa 3,5 PUNTOS

2º clasificado en campionato de Europa 3,2 PUNTOS

3º clasificado en campionato de Europa	3 PUNTOS
Participación en cto de Europa	2,5 PUNTOS
1º clasificado en campionato do mundo ou olimpíada	5 PUNTOS
2º clasificado en campionato do mundo ou olimpíada	4,7 PUNTOS
3º clasificado en campionato do mundo ou olimpíada	4,5 PUNTOS
Participación en campionato do mundo ou olimpíada	4,2 PUNTOS

Puntuarase até un máximo de 1,5 puntos as participacións e resultados en eventos de carácter non oficial, pero de certa relevancia, no eido local ou nacional, podendo esta puntuación, sumarse ás xa obtidas segundo o baremo.

***Criterio de valoración esforzo económico**

O 15% do crédito total previsto no punto 2 das presentes bases, distribuirase de maneira directamente proporcional aos puntos acadados polo club, atendendo ao seguinte baremo.

Coef de financiamento entre 0 e 20 %	1,8 PUNTOS
Coef de financiamento entre 20 e 30 %	1,6 PUNTOS
Coef de financiamento entre 30 e 40 %	1,4 PUNTOS
Coef de financiamento entre 40 e 50 %	1,2 PUNTOS
Coef de financiamento entre 50 e 60 %	1 PUNTO
Coef de financiamento entre 60 e 70 %	0,8 PUNTOS
Coef de financiamento entre 70 e 80 %	0,6 PUNTOS

***Criterio de valoración dificultade deportiva**

A ponderación atribuída a este criterio (15%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os clubs segundo a seguinte valoración, en función da especialidade deportiva practicada.

No caso de clubs que practiquen máis dunha modalidade deportiva, faríase a media das puntuacións derivadas das súas disciplinas.

Esta diferenciación pon de manifesto a dificultade de acadar resultados deportivos, en función do deporte que se practique, e que se basea fundamentalmente nos gastos que xera ese deporte en si e a súa práctica.

DEPORTES DE MOTOR	1,8 puntos
DEPORTES NAÚTICOS E ECUESTRES	1,6 puntos
CICLISMO E VARIANTES	1,4 puntos
OUTROS	1 punto

***Criterio de valoración desprazamentos**

A ponderación atribuída a este criterio (10%) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os clubs segundo a seguinte valoración:

.- deportistas que xustifican máis de 2000 km de desprazamento para competición oficial, 1,6 puntos

.- deportistas que xustifican entre 1800 km e 1999 km de desprazamento para competición oficial, 1,4 puntos

.- deportistas que xustifican entre de 1500 km e 1799 km de desprazamento para competición oficial, 1,2 puntos

.- deportistas que xustifican entre 1200 km e 1499 km de desprazamento para competición oficial, 1 punto

.- deportistas que xustifican entre 1000 km e 1199 km de desprazamento para competición oficial, 0,8 puntos

.- deportistas que xustifican entre 700 km e 999 km de desprazamento para competición oficial, 0,6 puntos

.- deportistas que xustifican entre 400 km e 699 km de desprazamento para competición oficial, 0,4 puntos

*Criterio de valoración repercusión social

A ponderación atribuída a este criterio (10 %) distribuirase de maneira directamente proporcional ao número de puntos que obtiveran os clubs segundo a seguinte valoración, segundo o seguinte baremo:

Valorarase aos deportistas de 1 a 10 puntos, en función da repercusión social dos seus logros deportivos, tanto no ámbito local como nacional

25)Acordo de concesión e notificación.

Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, se trasladará á Intervención a efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión.

O acordo de concesión, deberase notificar expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa, e será exposta ó público nos taboleiros de anuncios do concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

26)Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realizar as actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos. Se os cambios provocan un presuposto superior ou igual ao presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ao inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ao inicialmente establecido.

b) Presentar as contas xustificativas e destiñar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. No caso de actividades esta acreditación realizarase, ademais de coa xustificación documental pertinente, coa presentación de 2 carteis anunciadores ou outra información escrita nos departamentos correspondentes 5 días antes da súa realización.

c) Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d) Facer constar na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo, tendo que figurar en toda impresión o escudo oficial que será facilitado polos departamentos correspondentes. Os deportistas individuais portarán no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello e do Servizo Municipal de Deportes.

e) Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.

f) Divulgar a programación deportiva municipal nos seus locais, entre os seus asociados, e entre a poboación en xeral, sempre dentro da capacidade que lle permitan os seus medios.

27) Xustificación e pagamento

27.1.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación dos xustificantes se especificará en cada convocatoria anual, se ben antes de rematar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

De non presentarse a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para a súa constancia contable.

En calquera caso, o 31 de decembro de cada ano, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

Este Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar tanta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

27.2.- Consideracións xerais

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos. Será posible anticipar até un 50% da cantidade concedida nos casos nos que, previa solicitude razoada da entidade, así se acorde pola Xunta de Goberno, aboándose o 50% restante no momento da xustificación.

Para os efectos de xustificación das subvencións aplicarase o coeficiente de financiamento (cociente entre o importe da subvención solicitado e o importe do presuposto calculado de gastos). A cantidade que hai que xustificar será igual ao cociente entre o importe da subvención concedida e o coeficiente de financiamento.

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do concello teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto subvencionado.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

27.3.- Documentación xustificativa

A conta xustificativa se presentarán o Rexistro Xeral do Concello con destiño ao servizo de Deportes, e deberá respetar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

-Memoria de actuacións xustificativa. Segundo modelo normalizado.

-Memoria económica, coa relación de gastos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade. Tamén carta de pago en caso de reintegro de sobrantos, no seu caso.

-Adxuntaranse orixinais ou copias cotexadas das facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos no orzamento inicial e polo importe mínimo sinalado na notificación da subvención. Estes documentos ademais están suxeitos ás seguintes normas:

a) Coa finalidade de darlle cumprimento ao disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.

b) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

c) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 10% do importe total do presuposto a xustificar.

d) Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.

e) As facturás só poderán ser substituídas por outros documentos cando así o admita o artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.

27.4.- Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes da de Deportes e do Servizo de Intervención, a Xunta de Goberno, aprobará as contas xustificativas e procede-rase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

Pasado dito prazo, en caso de non achegar a documentación requirida, archivarase o expediente e anularase a subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

b) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, a lo menos do 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

c) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, consonte co que non se aboará cantidade ningunha.

28) Infraccións e sancións

Vencido o prazo de xustificación que se establezca ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, o Departamento de Deportes fará o requirimento para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

2.-Bases para a concesión de subvencións para actividades culturais e educativas

29) Finalidade e obxecto

As presentes bases teñen como finalidade apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades , así como na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de cultura e educación, consonte ó disposto no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no RDL 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia, na Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En canto ao obxecto se distingue:

A) CULTURA:

Poderán ser obxecto de subvención os seguintes programas:

- Actividades culturais: celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, encontros, conferencias, estudos, etc. En xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais, especialmente dos que resulten da súa pertenza á comunidade galega e/ou ó concello de Arteixo.
- Talleres culturais: actividade realizada por un grupo de alomenos 15 persoas que, co apoio dun monitor/a especiali-zado/a, realizan unha determinada aprendizaxe durante 1 hora, como mínimo, á semana durante varios meses ó ano.
- Equipamento cultural: materiais e medios de carácter non funxible e inventariable que son necesarios para o normal desenvolvemento da actividade cultural dunha asociación.

B) EDUCACIÓN:

Poderán ser obxecto de subvención:

- Actividades: celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, encontros, conferencias, estudos e traballos de investigación do alumnado, etc. En xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores educativos, especialmente dos que resulten da súa pertenza á comunidade galega e/ou ó concello de Arteixo.
- Equipamento: materiais e medios de carácter non funxible e inventariable que son necesarios para o normal desenvolvemento das actividades anteriormente sinaladas.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades, talleres ou equipamentos subvencionados ou financiados no mesmo exercizo a través doutras convocatorias, convenios ou planos do Concello de Arteixo.

Un equipamento, taller ou actividade dirixido a un mesmo colectivo ou sector de poboación só poderá ser subvencionada a través dunha única asociación.

Non se subvencionarán actividades realizadas fóra do termo municipal, agás aquelas que segundo criterio técnico sexan de especial relevancia para o Concello de Arteixo.

30) Partida e crédito orzamentario

A convocatoria anual estabrecerá a partida e o crédito orzamentario que financiará as axudas a conceder.

31) Beneficiarios

1º) Entidades legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolve-las súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- e) Estar ó día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.

2º) Excepcionalmente, poderán presentar solicitude de subvención para programas considerados de especial relevancia as comunidades veciñais, comités organizadores e persoas físicas que cumpran os requisitos sinalados nos apartados b), c), d), e) e f).

3º) Os consellos escolares dos CEIPS, IES e CEE, así como alumnado de Bacharelato, ciclos formativos e universitario do concello de Arteixo, para as actividades e equipamentos obxecto da subvención.

32) Requisitos

3.1. Con carácter xeral as entidades só poderán solicitar subvención para unha das materias convocadas (cultura ou educación), tendo necesariamente que optar por unha destas áreas, agás naqueles casos nos que concorra a especial circunstancia de non existencia na zona de influencia doutras entidades que cubran as necesidades nunha determinada materia.

3.2. Dentro da mesma materia poderán solicitar un máximo de dúas subvencións para actividades/talleres e dúas subvencións para equipamento, debendo priorizar entre elas.

3.3. O importe máximo que se pode solicitar é o do 80 por cento do presuposto estimativo de gastos, primándose para a concesión o maior esforzo económico do solicitante, cuantificado polo coeficiente de financiamento (cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto estimativo de gastos).

33) Documentación

As solicitudes formularanse no modelo normalizado que se facilitará no Rexistro Xeral, nos servizos de Cultura e Educación e na páxina web do Concello de Arteixo, aportando os datos e a documentación sinalada a continuación:

- a) Memoria explicativa das actividades, talleres ou investimentos que se pretenden realizar, con especificación da data e lugar de realización, obxectivos, número de beneficiarios, e fins concretos ós que se destinarán os fondos.
- b) Presuposto detallado de ingresos e gastos da actividade ou investimento.
- c) Importe da subvención solicitada que non poderá superar o 80% do presuposto de gastos e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.
- d) Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello (no modelo oficial), xunto coa fotocopia do seu DNI.

e)Declaración do representante de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e de aceptación das bases da convocatoria (no modelo oficial).

f)Certificación do número de socios activos. No seu caso, certificación do número de alumnos/as matriculados.

g)Memoria das actividades realizadas no exercicio anterior

h)Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a concellería correspondente en toda información que realice do desenvolvemento das actividades ou investimentos.

No caso de existir cambios respecto ó ano anterior que afecten á xunta directiva ou consello escolar, domicilio social, conta bancaria ou ós estatutos, tamén deberán actualizarse coa solicitude.

As entidades de nova creación deberán presentar, ademais:

-Fotocopia da acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva. No caso de persoas físicas se substituirá por un prego coas sinaturas, nome completo e DNI de cada unha delas.

-Fotocopia do CIF da entidade. No caso de que o solicitante presente o CIF dunha entidade de ámbito superior, deberá acreditar que conta con autorización da entidade titular do CIF para a súa utilización.

-Certificación da conta bancaria segundo modelo oficial.

-Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia

-Estatutos da entidade rexistrados polo organismo competente.

As persoas físicas, ademais:

-Certificado de empadramento no Concello de Arteixo.

-No caso de artistas individuais, historial no que constará os logros ou premios obtidos máis importantes. Dito historial deberá acreditarse feahacemente.

-No caso do alumnado de bacharelato, universidade e ciclos formativos, expediente académico e titorización do traballo presentado por parte dalgún profesor/ra, así como historial de investigador/a da persoa solicitante.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá estar compulsada.

Calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser subsanado no prazo de dez días dende a recepción do seu requirimento.

34) Prazo e lugar de presentación

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e na forma establecida no art. 38.4. da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria correspondente no Boletín Oficial da Provincia.

35) Criterios de concesión

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia.

35.1. Criterios para a concesión da subvención

A concesión e, no seu caso, a contía das subvencións graduarase consonte ós seguintes criterios:

35.1.1. Criterios xerais:

a) Interese das actividades ou investimentos: ata 20 puntos dos que 10 como mínimo concederanse en función da prioridades sinalada polo solicitante na petición.

b) Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 10 puntos.

c) Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 35 puntos

d) Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ó interese local: ata 35 puntos.

35.1.2. Criterios específicos:

-En materia de Educación subvencionarase a cada un dos centros con 1,50 € por alumno/a matriculado para as viaxes fóra do termo municipal. O resto do presuposto concederase, previa avaliación técnica para os proxectos presentados por cada centro, seguindo os criterios seguintes:

1. Implicación na actividade da comunidade educativa:

< 25 % alumnado 1

25-50% alumnado 2

50-75% alumnado 3

75-100% alumnado 4

2. Actividades independentes da Concellaría

Sí 2

Non 0.5

3. Difusión da lingua galega

Sí 2

Non 0.5

4. Actividade intercultural

Sí 2

Non 0.5

5. Outras subvencións concedidas

Non 0

< 1000 € -1

1000-2000 -2

> 2000 € -3

6. Actividade con continuidade

Nova subvención 1

1 ano -1

2 anos -2

3 anos ou máis -3

7. Implicación en actividades municipais

Normal .. 0.5

Boa..... 1

Moi boa 2

8. Tipo de equipamento

Único0

Múltiple

<500 € -1

500-1000 -2

1000-1500 -3

1500-2000 -4

> 2000 € -5

Segundo a puntuación acadada, tanto en actividades coma en equipamentos, a porcentaxe de subvención a aplicar sobre o orzamento proposto polo Consello escolar sería de:

2 puntos	30% subvención do presuposto total
3-4 puntos	40% subvención do presuposto total
5-6 puntos	50% subvención do presuposto total
7-8 puntos	60% subvención do presuposto total
9-10 puntos	70% subvención do presuposto total
+ 10	80% subvención do presuposto total

35.2. Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión deberase notificar expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa e será exposta ó público nos taboleiros de anuncios do Concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

35.3. Reformulación das solicitudes

Dacordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación das solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ó solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

35.4. Modificación dos conceptos

Os cambios deberán comunicarse previamente a súa xustificación para seren admitidos. Se os cambios provocan un presuposto superior ou igual ó presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ó inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ó inicialmente establecido.

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

g) Realiza-las actividades ou adquiri-los equipamentos propostos.

h) Presentar contas xustificativas e destiña-las axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. No caso de actividades esta acreditación se realizará, ademais de coa xustificación documental pertinente, coa presentación ineludible antes da realización da actividade de 2 carteis anunciadores ou outra información escrita realizada para a súa difusión nos departamentos correspondentes.

i) Facer constar na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo, tendo que figurar en toda impresión o escudo oficial que será facilitado polos departamentos correspondentes.

j) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

k) Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.

36) Comisión de avaliación

O exame das solicitudes realizarase por unha Comisión de Avaliación, da que formarán parte:

A Técnico do Departamento de Cultura/Educación

O Concelleiro de Cultura/ Educación

O Concelleiro de Facenda

37) Xustificación e pagamento

37.1. -Prazo de xustificación

O prazo de presentación dos xustificantes se especificará en cada convocatoria, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaraselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

En calquera caso, o 31 de decembro de cada ano, se anularán automaticamente tódalas axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

Este Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

37.2.- Consideracións xerais

8.1.1. As subvencións aboaranse depois da xustificación dos gastos. Será posible anticipar ata un 50% da cantidade concedida nos casos nos que, previa solicitude razoada da entidade, así se acorde pola Xunta de Goberno, aboándose o 50% restante no momento da xustificación.

8.1.2. Para os efectos de xustificación das subvencións aplicarase o coeficiente de financiamento (cociente entre o importe da subvención solicitado e o importe do presuposto calculado de gastos). A cantidade que hai que xustificar será igual ó cociente entre o importe da subvención concedida e o coeficiente de financiamento.

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos o importe do presuposto subvencionado.

8.1.3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concurrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar a modificación da resolución da concesión.

8.1.4. O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

37.3. -Documentación xustificativa

A conta xustificativa se presentarán o Rexistro Xeral do Concello con destiño ao servizo de Deportes, e deberá respetar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

- Memoria de actuacións xustificativa. Segundo modelo normalizado.
 - Memoria económica, coa relación de gastos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade. Tamén carta de pago en caso de reintegro de sobrantos, no seu caso.
 - Certificación do secretario/a da entidade, co visto e prace do/a presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
 - Facturas orixinais ou compulsadas relativas ós gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe sinalado na notificación da concesión.
- a) Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá extenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.
- b) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- c) Nas viaxes culturais, poderán xustificarse gastos de des-prazamento, pero nunca de alimentación.
- d) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as de produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera e San Xoán.
- e) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (alugueres, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 10% do importe total do presuposto a xustificar.
- f) Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Só se admitirán recibís cando reflectan a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
- g) As facturas que non reflectan claramente a finalidade da actividade deben acompañarse dun informe aclaratorio.
- h) A substitución de facturas por outro documento unicamente será válido nos supostos mencionados no artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.
- En materia de Educación, para xustificar os 1,50 €/alumno para viaxes, deberá vir explicitado en cada factura a data, grupo de alumnos/as, destino, motivo e importe de cada viaxe.

37.4.-Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes da Sección de Cultura, Educación e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

Pasado dito prazo archivarase a solicitude e non terán dereito á reclamación.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pago dela, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 100% e, a lo menos do 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, consonte co que non se aboará cantidade algunha.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

38) Infraccións e sancións

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 8.1. ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a Sección de Cultura ou Educación a requerirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normas concordantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar a súa retirada, modificación ou reintegro do importe da mesma, cos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención.

3.-Bases para a concesión de subvencións para festas parroquiais

39). Finalidade e obxecto.

Coa finalidade de apoiar ás comisións de festas na organización dos festexos populares tradicionais de cada parroquia, conforme ó disposto no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no RDL 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia, na Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e con cargo ó presuposto do Concello de Arteixo para cada ano, convocaranse, as subvencións que de seguido se detallan:

1º) Subvencións para festas patronais (1 por lugar ou parroquia).

2º) Subvencións para festas non patronais ou romarías tradicionais.

40) Crédito e partida orzamentaria

A partida e o crédito orzamentario para financiar estas axudas será o que anualmente se consigne orzamentariamente e se estabrecerá en cada convocatoria anual.

41)Beneficiarios

1º) Asociacións, comisións de festas ou persoas xurídicas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro
 - b) Desenvolve-las súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo
 - c) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
 - d) Estar ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello e coa Seguridade Social
 - e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.
- 2º) Agrupacións veciñais, comités organizadores e persoas físicas que cumpran os requisitos sinalados nos apartados a), b), c), d) e e).

42) Requisitos

- 1º) Estas axudas son incompatibles con outras convocatorias, convenios ou planos do Concello de Arteixo.
- 2º) Unha determinada festa só poderá ser subvencionada a través dunha única comisión/asociación.
- 3º) Non se subvencionarán pola presente convocatoria os festexos que non estean enraizados no ciclo festivo tradicional.

43) Documentación

As solicitudes formularanse nunha instancia dirixida ó Departamento de Festas que se presentará no Rexisto Xeral acompañada da seguinte información e documentación:

- 1º) Programa completo da festa e presuposto estimativo de gastos/ingresos.
- 2º) Acta de constitución dos integrantes que forman a actual comisión, coa sinatura do presidente e secretario saíntes (Modelo oficial).
- 3º) Designación de conta bancaria (Modelo oficial).
- 4º) Certificación ou Declaración Xurada de que non se atopa incurso a entidade en causa de prohibición para percibir axudas públicas, ás que fai referencia o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser subsanado no prazo de dez días dende o seu requirimento.

44) Prazo e lugar de presentación.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo e na forma establecida no art. 38.4. da Lei 30/1992 de réxime xurdídico das administracións públicas e do procedemento administrativo, e, cada ano, 10 días antes da celebración da festa para a que se solicita subvención.

45).-Comisión avaliadora

A avaliación das solicitudes se efecturá por una comisión técnica , integrada por:

A técnico de Cultura/ Festas

O Concelleiro de Cultura e Festas

O Concelleiro de Facenda

46) Criterios de concesión

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia.

46.1.- Criterios para a concesión da subvención

Con carácter xeral adxudicarase unha cantidade fixa de 700,00 € por comisión, cantidade que se incrementará seguindo os seguintes criterios:

7.1.1.- Subvencións para festas consideradas patronais

- 1 € por habitante, seguindo o número reflectido no censo municipal, e establecendo un mínimo de 600 € para aqueles lugares ou parroquias que non superen os 600 habitantes.

7.1.2.-Subvención para festas non patronais ou romarías

-Conceder 300 € por día de verbena con contratación de orquestra nas festas de verán e de 175 € para as festas de inverno

-Conceder 75€ por outros actos de carácter lúdico-cultural incluídos no programa.

46.2.-Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión deberase notificar expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa e será exposta ó público nos taboleiros de anuncios do Concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

47) Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realiza-las actividades propostas.

b) Presentar as contas xustificativas e destiña-las axudas ós fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. Esta acreditación se realizará, ademais de coa xustificación documental pertinente de cada concepto subvencionado, coa presentación de 2 carteis anunciadores no Departamento de Festas 5 días antes da reali-zación da festa.

c) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d) Facer constar na totalidade da publicidade que se realice que conta con subvención do Concello de Arteixo.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

f) Someterse ás actuacións de comprobación e ás de control financeiro a efectuar polo Concello e as previstas polos órganos de control externo.

48) Xustificación e pagamento.

48.1.- Consideracións xerais

1º) Con carácter xeral, as subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

2º) O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos o importe do presuposto subvencionado.

3º) O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario

4º) En xeral, o pagamento realizarase toda vez que se xustifique a efectiva realización da actividade mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, no prazo establecido e con destino ó Departamento de Festas, da seguinte documentación:

- Certificación do secretario/a co visto e praxe do presidente/a que acredite o cumprimento das actividades solicitadas e as subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para os mesmos conceptos (Modelo oficial)

- Facturas orixinais ou compulsadas relativas ós gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe sinalado na notificación da concesión (o dobre da cantidade concedida)

a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado nocivo para a saúde.

b) En xeral, non se admitirán como gastos facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as de produtos típicos das celebracións tradicionais.

48.2.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación de xustificantes rematará o 30 de setembro de cada ano para as festas patronais e o 31 de outubro de cada ano para as festas non patronais e romarías, se ben antes de finalizar o prazo podrá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía-Presidencia iniciarse expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaraselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos xustificados correctamente.

Este Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar tanta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

48.3.-Conta xustificativa

A conta xustificativa se presentarán no Rexistro Xeral do Concello con destiño ao servizo de Deportes, e deberá respetar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

-Memoria de actuacións xustificativa.Segundo modelo normalizado.

-Memoria económica,coa relación de gastos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade.Tamén carta de pago en caso de reintegro de sobrantes, no seu caso.

-Certificación do secretario/a da entidade, co visto e praxe do/a presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

- Facturas orixinais ou compulsadas relativas ós gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe sinalado na notificación da concesión.

a)Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá extenderse no

orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.

b)O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (alugueres, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 10% do importe total do presuposto a xustificar.

c)Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Só se admitirán recibís cando reflectan a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.

d)As facturas que non reflectan claramente a finalidade da actividade deben acompañarse dun informe aclaratorio.

e) non se admitirán documentos substitutivos de factura fóra dos supostos contemplados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1496/2003.

49) Infraccións e sancións

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003 e demais normas concordantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar a súa retirada, modificación ou reintegro do importe da mesma, cos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención.

Para os casos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas na Lei 38/2004, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas toda-las normas anteriores a esta Ordenanza de igual ou inferior rango relativas á concesión de axudas e subvencións por parte do Concello de Arteixo.

DISPOSICIÓN FINAL: APROBACIÓN E VIXENCIA

A presente Ordenanza foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 30 de abril de 2009, sendo obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, e mantendo a súa vixencia de forma indefinida, en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.